

MOCIÓN Nº 3 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A SUBSTITUCIÓN DE SINALIZACIÓN NO CENTRO DE SAÚDE DE ALFOZ

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos, as iniciativas para construír unha sociedade inclusiva son, sen dúbida, cada vez máis habituais. A finalidade desta iniciativas é a de levar a cabo estratexias de diversidade e inclusión corporativa. Aínda así, a discriminación segue sendo un problema común na nosa sociedade, polo que as administracións temos un papel fundamental en reverter esta situación.

Especial importancia ten na diversidade e inclusión corporativa a existencia dunha correcta sinalización. Así, a sinalización dos nosos espazos públicos debe cumprir cos preceptos de accesibilidade, deseño universal e inclusión.

Ao contrario do indicado no parágrafo anterior, tense observado que no Centro de Saúde de Alfoz existe unha sinalización discriminatoria y non igualitaria, tal e como se observa nas fotografía que acompañan esta moción.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz, consideramos oportuno o instar ao cambio da citada sinalización por outra que conteña unha linguaxe inclusiva, igualitaria e non discriminatoria.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

ACORDO:

Instar ao Servizo Galego de Saúde á substitución da sinalización existente nos aseos do Centro de Saúde de Alfoz, colocando outra inclusiva, igualitaria e non discriminatoria por estereotipos de xénero ou diversidade funcional.

En Alfoz, a 25 de xaneiro de 2022

Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de Via Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz

